



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DE DETERMINACIÓNS NA BASE DATOS XEOGRÁFICA EMPREGADA POLA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA NA COMPROBACIÓN DE VALORES DE INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA

Santiago de Compostela, a 26 de novembro de 2018

COMPARECEN

Dunha parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polos artigos 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, do 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, D. Valeriano Martínez García Conselleiro de Facenda e Presidente da Axencia Tributaria de Galicia (en diante ATRIGA), no seu nome e representación, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14.2b do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A ATRIGA é unha axencia pública autonómica das previstas e reguladas na Lei 16/ 2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e está adscrita á Consellería de Facenda.

Correspóndelle á ATRIGA a aplicación e xestión dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os estatais cedidos a esta comunidade autónoma, entre eles o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados



SEGUNDO.- O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.

- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.

- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:

Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.

Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).

Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

TERCEIRO.- Que as entidades convenientes desexan impulsar a creación e posta en marcha dunha metodoloxía de elaboración de determinacións xeográficas descritas na cláusula segunda deste acordo a partir das bases de



datos catastrais, que permitan unha máis eficiente e eficaz xestión do procedemento de comprobación de valores dos tributos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia.

CUARTO.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece, no seu artigo 14, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre si, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Para conseguilo as entidades participantes consideran moi útil definir un marco de colaboración institucional e acordan formalizar o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente acordo establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a ATRIGA e o IET, para a análise da información que permita elaborar os ficheiros informáticos que conteñan a información precisa para xestionar a comprobación de valores dos tributos cedidos/xestionados pola Atriga relativos aos bens inmoables de natureza rústica así como a xeración dun visor xeográfico web específico para visualizar as determinacións contidas nos devanditos ficheiros.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS DO ACORDO

Este acordo ten por obxectivo realizar unha serie de análises da información territorial con influencia nas características das terras agrarias que determinan os parámetros a partir dos cales se calcula o valor fiscal das unidades xeográficas a nivel de parcela catastral.

Estas determinacións abranguen aspectos relativos a localización das parcelas nas unidades territoriais (parroquia e lugar), o cultivo real ou potencial da terra, a tipoloxía do acceso, o réxime do solo a partir das determinacións do planeamento urbanístico, e outros que permitan a singularización das características produtivas (capacidade produtiva do solo a partir do Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia, F. Díaz-Fierros e F. Gil Sotres, 1984; altitude, pendente, outras).



Outro aspecto importante é a implementación dunha ferramenta de visualización das determinacións acadadas e outras que poidan resultar de interese, a través dun visor web xeográfico no que se poidan superpoñer capas de información útil para a análise pormenorizada de cada parcela a fin de singularizar as súas características e finalmente obter unha saída gráfica obxecto de publicación perante un enlace de descarga.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

As partes asumirán os compromisos aos que se fai referencia nesta cláusula, co obxectivo de elaborar con periodicidade anual as determinacións e a creación e mantemento da ferramenta web descrita na cláusula anterior.

1. A Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) asume os seguintes compromisos:

a) Ceder anualmente as bases de datos gráficas e alfanuméricas relativas ás unidades territoriais a nivel de parcela catastral e outras necesarias para elaborar as determinacións fixadas na cláusula terceira previa autorización, que recabará o IET, da Dirección Xeral do Catastro segundo o previsto na Resolución do 31 de xullo de 2006, da Dirección Xeral do Catastro, pola que se aproba a remisión ás Comunidades Autónomas do ficheiro de información catastral de bens inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais, así como a súa estrutura, contido e formato informático. Esta cesión se realizará en ficheiros en formato SIX que abaixo se relacionan e que se destinarán á materialización do Acordo:

- 1) Parcelas catastrais
- 2) Eixes de elementos lineais
- 3) Elementos cartográficos lineais
- 4) Construcións
- 5) Rótulos de mapa
- 6) Zonas cartográficas (masas)

b) Ceder a metodoloxía empregada na análise e realización de determinacións precisas para conquistar os parámetros necesarios na valoración de bens de natureza rústica consonte a normativa vixente. Esta metodoloxía foi plasmada polo Departamento de Valoracións da ATRIGA nun proxecto piloto para a provincia de Lugo perante a utilización do software libre POSTGRESQL 9.6. A transferencia concretarase a nivel de táboas e “scripts” en formato fonte.

c) Ceder anualmente a información alfanumérica da Orde anual da Consellería de Facenda pola que se desenvolve o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos da liquidación dos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns.



- d) Colaborar no procedemento de transferencia de información metodolóxica.
- e) Facilitar anualmente unha copia base de datos en formato dixital coa estrutura dos campos para cada rexistro, a fin de que poida ser integrada nos sistemas informáticos da ATRIGA xestionados polo CIXTEC.

A información facilitada pola Axencia Tributaria de Galicia será susceptible de tratamento, conforme ao protocolo de análise da información facilitado polo Departamento de Valoracións da ATRIGA, sen prexuízo de que poidan xerarse outras metodoloxías de análise, no marco dos obxectivos deste acordo, cando elo permita acadar os fins propostos co mesmo nivel de detalle.

A efectos de exemplificación amósase máis abaixo unha lista de campos coa estrutura da base de datos resultado do análise coas determinacións dos obxectivos propostos:

Nombre del campo	Tipo de datos	
gid	Número	codigo unico registro
coorx	Número	coord x utm etrs 89 29 N
coory	Número	coord y utm etrs 89 29 N
area	Número	m2 parcela
delegacio	Número	codigo ine provincia
municipio	Número	codigo ine municipio
masa	Texto corto	codigo catastral poligono
tipo	Texto corto	tipo registro
parcela	Texto corto	codigo catastral parcela
REF_CAT_TXT	Texto corto	referencia catastral 14 char
codparro	Texto corto	codigo ine parroquia
codparrox	Texto corto	codigo parroquia xeito
parroquia	Texto largo	nombre de parroquia
C	Número	% superficie uso nombre campo
MM	Número	% superficie uso nombre campo
MT	Número	% superficie uso nombre campo
NA	Número	% superficie uso nombre campo
SU	Número	% superficie uso nombre campo. EQUIVALE A ZU DE CODIGOS SIXPAC
VI	Número	% superficie uso nombre campo
NO_DETERMINADO	Número	% superficie uso nombre campo
C_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
MM_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
MT_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
NA_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
SU_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
VI_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
NO_DETERMINADO_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
SU0	Número	% superficie uso nombre campo
MT0	Número	% superficie uso nombre campo
SUN	Número	% superficie uso nombre campo
SU0_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
MT0_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
SUN_SU	Número	producto area x % uso nombre campo
constru	Texto corto	campo si/no edificacion detectada intersectando con registro
nuevoacceso	Texto corto	codigo xeito tipo acceso parcela actualizado
h	Número	altitud de la finca en metros
m	Número	pendiente de la finca en porcentaje
DF	Texto corto	codigo DIAZ FIERROS productividad potencial del suelo
TIC_OBSERVACIONES	Texto corto	lleva una @ si registro tiene observaciones
observaciones	Texto corto	campo observaciones incidencias de planeamiento 1 SUN
observaciones2	Texto corto	campo observaciones incidencias de planeamiento 2 SUZ
observaciones3	Texto corto	campo observaciones incidencias de planeamiento 2 SU, Y NA
observaciones4	Texto corto	campo observaciones por inconsistencia de los datos



2. **O Instituto de Estudios do Territorio asume os seguintes compromisos:**

- a) Analizar a información aportada e elaborar as determinacións que se fixen no Acordo
- As determinacións básicas serán as seguintes:
1. Provincia, concello, parroquia e lugar, segundo os códigos de identificación recollidos na Orde anual da Consellería de Facenda
 2. Referencia catastral da parcela
 3. Usos rústicos da parcela a partir da información do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas harmonizada cos usos da Orde de 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles a utilizar, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral ou a que a substitúa, segundo os criterios recollidos na metodoloxía aportada pola ATRIGA, susceptible de modificación en función da mellora da calidade dos datos de partida dispoñibles.
 4. Tipoloxía dos accesos das fincas con referencia catastral segundo os criterios recollidos na metodoloxía aportada pola ATRIGA, susceptible de modificación en función da mellora da calidade dos datos de partida dispoñibles.
 5. Usos urbanísticos do solo a partir da información contida nos planeamentos urbanísticos de cada ámbito territorial, harmonizada coa lexislación sectorial vixente en materia de solo, segundo a metodoloxía aportada pola ATRIGA, susceptible de modificación en función da mellora da calidade dos datos de partida dispoñibles.
 6. Información accesoria de singularización dos parámetros de valoración das fincas (altitude, pendente, código do recinto obtido a partir do Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia, F. Díaz-Fierros e F. Gil Sotres, 1984, segundo a metodoloxía aportada pola ATRIGA, susceptible de modificación en función da mellora da calidade dos datos de partida dispoñibles.
- A información elaborada será devolta á ATRIGA en dous formatos básicos:
- i. ficheiro/s en formato de datos tabulares CSV, coa estrutura definida no apartado de intercambio de datos
 - ii. ficheiros en formato de datos xeoespaciais, coa estrutura definida no apartado de intercambio de datos.



b) Deseñar o módulo para dispoñibilizar a información espacial e alfanumérica nunha plataforma web do IET con acceso restrinxido a ATRIGA. Entre as capas que se farán dispoñibles atoparanse ás seguintes:

1. Representación gráfica do recinto vectorial (parcela catastral), ben individualmente ou en grupo (expediente fiscal).
2. Inventario municipal do planeamento urbanístico vixente de xeito semellante ao do visor do SIOTUGA
3. Ocupación e coberturas do solo (SIOSE)
4. WMS do SIXPAC
5. WMS do CATASTRO
6. WMS dos LIMITES TERRITORIAIS de Galicia
7. Funcionalidade de carga de capa de información a partires da URL do servizo WMS
8. MAPAS DE FONDO (semellantes aos contidos do visor do IET do MAPA BASICO)
9. Capas que resulten de posteriores addendas ao acordo
10. Implementación de ferramentas de consulta, comparación, medición e xeración de salidas gráficas ou enlaces de descarga das mesmas.

Instrucións básicas para o intercambio de datos

Data de cesión: 1ª semana de marzo de cada ano

Os requisitos mínimos para a cesión dos datos indicados son os seguintes:

- Formato do arquivo de intercambio comprimido: RAR
- Formato de datos tabulares: CSV. Con: o punto e coma (;) como separador de campos; a coma (,) como separador decimal; sen separador de miles; e as comiñas inglesas (" ") como delimitador dos campos de texto.
- Formato de datos xeoespaciais: SHAPEFILE, POSTGRE SQL ou ESRI® XEODATABASE.
- Codificación de caracteres: UTF-8
- Sistema de Referencia Xeodésico: ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) segundo Real Decreto 1071/2007, de 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España.



- Arquivo de metadatos que inclúa como información básica: data, organismo, descrición, persoa ou cargo técnico de contacto, códigos de campo e decodificación dos seus valores...

CUARTA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Acordo.

En ningún caso as cesións de información propia ou de terceiras partes realizadas pola ATRIGA no marco do acordo e para o cumprimento dos compromisos recollidos na cláusula terceira, poderán ser obxecto de reclamación algunha polos intervinentes no acordo ou por terceiras partes. A tal efecto o IET deberá respectar o marco normativo previsto na Resolución do 31 de xullo de 2006, da Dirección Xeral do Catastro, pola que se aproba a remisión ás Comunidades Autónomas do ficheiro de información catastral de bens inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais, así como a súa estrutura, contido e formato informático.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co presente acordo que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente acordo, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, creárase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguemento composta por un representante nomeado polo Presidente da ATRIGA e un nomeado polo Presidente do IET.

En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse calquera outros funcionarios que se considere necesario.

As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas por esta Comisión.

A Comisión reunirse a instancia de calquera das partes e, polo menos, unha vez ao ano para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste acordo, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este acordo para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente acordo
- d) Liquidación do acordo se fose o caso.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguemento rexerase en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente cláusula, pola normativa específica en vigor



SEXTA.- DURACIÓN DO ACORDO

Este acordo terá vixencia durante 4 anos dende a data da súa sinatura

Antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do acordo poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período adicional como máximo de ata catro anos, ou de ser o caso, a súa extinción.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO

As actuacións previstas no presente acordo non xerarán gasto nin darán lugar a contraprestación financeira entre as partes asinantes.

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE DOS DATOS

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

As autoridades, funcionarios e o resto de persoal que teñan coñecemento dos datos ou información subministrados por causa deste Acordo estarán obrigados a máis estrita e completa observancia do deber de siliro respecto deles. A violación desta obriga implicará incorrer nas responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes.

O IET, na medida en que é a entidade receptora dos datos, deberá adoptar respecto da información recibida as mesmas medidas de seguridade necesarias para preservar a súa información confidencial, evitando a súa perda ou roubo. Igualmente debe advertir aos seus empregados ou ás persoas que poidan ter acceso á mesma para o seu tratamento, dito deber de confidencialidade e segredo.

Os datos aos que se poidan ter acceso en virtude deste acordo non pode ser empregados para unha finalidade distinta á prevista no mesmo, e os mesmos non poderán ser reproducidos, modificados, publicados e/ou divulgados a terceiros sen a previa autorización dos cedentes dos mesmos.

NOVENA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente acordo ten natureza administrativa considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico



Non entra dentro do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude disposto no artigo 6 do mesmo. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no seu artigo 4, seranlle de aplicación ao presente acordo os principios establecidos na devandita lei para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.

Este acordo será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade dando as partes asinantes o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo e mailo resto de especificacións contidas no mesmos nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

As discrepancias que poidan producirse resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Angeles Vázquez Mejuto

Valeriano Martínez García

Presidenta do IET

Presidente da Atriga

(Faixe constar expresamente que este convenio foi asinado, pese a non constar as rúbricas das persoas asinantes nesta copia)